

PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO  
COMEDOR ESCOLAR  
DO CPI P. DR. LÓPEZ SUÁREZ DE  
ESCAIRÓN (O SAVIÑO)



## INDICE

- 1- Introducción
- 2- Clasificación do comedor
- 3- Horario do comedor
- 4- Persoal colaborador de atención e apoio ao alumnado
- 5- Menús
  - 5.1 Intolerancias e alerxias alimentarias
  - 5.2 Tratamento da comida sobrante
- 6- Obxectivos
  - 6.1 Obxectivos xerais
  - 6.2 Obxectivos para a hixiene e saúde
  - 6.3 Obxectivos para a convivencia
- 7- Normas xerais do comedor escolar
  - 7.1 Normas específicas do comedor escolar
- 8- Actividades no tempo do comedor
  - 8.1 Antes de xantar
  - 8.2 Despois de xantar

9- Pagamento dos prezos públicos (punto 6.2.6 Instrución 2/2023)

9.1 Pagamento dos prezos públicos

9.2 Concepto de unidade familiar e renda familiar anual neta per cápita (art. 16)

10- Plan anual do comedor para o curso 2023/2024

## 1.- INTRODUCCIÓN

O ámbito de aplicación deste protocolo comprende aos usuarios/as do CPI P. Dr. López Suárez de Escairón (O Saviñao) que onde estuda alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria.

Para un correcto funcionamento do servizo faise necesario elaborar un protocolo de uso de comedor no que os usuarios/as e as persoas que traballan e/ou colaboran na prestación deste servizo, coñezan con precisión cales son as súas obrigas e os seus dereitos en relación co mesmo.

Neste protocolo deben aparecer polo tanto, cales son as funcións das persoas que participan no servizo: persoal de cociña, persoal de atención ao alumnado do comedor, encargado/a de comedor e dirección do centro. Tamén se sinalarán os dereitos e deberes do alumnado que recibe o servizo e das súas familias e como se organiza o comedor.

A lexislación vixente que regula os comedores escolares na Comunidade Autónoma de Galicia é a seguinte:

- **Decreto 132/2013, do 1 de agosto**, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias na materia de educación.
- **Orde 21 de febreiro 2007**, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- **Instrucións 2/2023**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño de 2023 sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023/2024.

## 2. CLASIFICACIÓN DO COMEDOR

A clasificación do comedor do CPI P. Dr. López Suárez de Escairón (O Saviñao) está clasificado como **tipo C** (de 151 a 250 comensais) e a modalidade de presentación de **servizo é a de xestión directa da Consellería**. A esta clasificación correspóndelle **"1 oficial 2ª. de cociña e 2 axudante de cociña"**. Tendo en conta a Instrucións 2/2023 as prazas totais **son de 190 comensais con 9 colaboradores/as**.

### 3.- HORARIO DO COMEDOR

O horario do comedor escolar ten dúas quendas sinaladas a continuación:

	LUNS A XOVES	VENRES
EI-EP	14:30 h-15:30 h	13:40-14:10 h
ESO	13:50 h-14:35 h	13:10 h-14:10 h

### 4.- PERSOAL COLABORADOR DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO

O equipo de persoal do comedor escolar está composto pola dirección do centro, a persoa encargada do comedor, 9 colaboradores/as e 3 persoas de persoal de cociña.

Atendendo a lexislación vixente anteriormente mencionada, as funcións do persoal que participa no servizo do comedor son as seguintes:

Son funcións do **dirección do centro** en referencia ao servizo de comedor:

- Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión de comedor, o protocolo de funcionamento do servizo de comedor escolar, como parte integrante da programación xeral anual do centro.
- Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar o persoal docente e o outro persoal que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
- Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
- Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
- Autorizar os gastos e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios/as del.
- Facer as contratacións de subministracións, se fora o caso, de acordo coa lexislación vixente.
- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- Presidir a Comisión de Comedor escolar.

- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remita a Consellería de Educación.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

Son funcións da **persoa encargada do comedor** escolar:

- Coordinar un plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.
- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
- Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía (dúas quendas)
- Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
- Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión de comedor escolar.
- Facilitar os impresos (autoliquidación de taxas) ás familias para poder ser usuarios do comedor, así como as taxas de pagamento, aqueles que teñan importe.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

Son función do **persoal laboral de cociña do servizo** de comedor:

- Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo Consello Escolar.
- Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de seguridade e hixiene (control de temperatura, trazabilidade, comida testemuña... de forma diaria)
- Servizo de atención ás mesas dos usuarios/as.
- Limpeza diaria das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.

- Informar á persoa encargada do servizo de comedor daquelas outras cuestións que afecten ao funcionamento do servizo.
- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguridade e hixiene e de riscos laborais.
- Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

Son funcións do **persoal de atención educativa, apoio e vixía do servizo de comedor**, ademáis da imprescindible presenza física durante a presentación do servizo en conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

- Cumprir o labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo do comedor.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe do comedor.
- Axudar ao alumnado que, por idade ou necesidades asociadas a condición persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Informar ao equipo directivo de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo para poner este en coñecemento das familias.
- Atención no períodos antes e despois de xantar, atendendo ás orientacións da persoa encargada do comedor.
- En relación ao carácter educativo do servizo do comedor escolar fomentárase a colaboración do alumnado a partir de 5º de Primaria, sin que iso supoña a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo.
- O persoal de atención ao alumnado no servizo virá determinado en función do total do alumnado comensal (artigo 5, Orde do 21 de febreiro do 2007)
- Dirixirse nun ton axeitado e linguaxe correcta aos alumnos/as comensais, sempre co debido respecto e de acordo á capacidade de cada un deles.
- Deberán desenvolver a súa actividade de acordo ás normas de entrada, durante a comida

e á saída da mesma, dando conta de todo o que poida acontecer.

- Deberán velar polo correcto desenvolvemento da actividade, atendendo ás chamadas que poidan recibir do alumnado e tratando de axudarlles en todo momento co manexo de cubertos, bandexas, vaciado dos restos de comida...
- Deberán atender as mesas do alumnado seguindo as quendas rotatorias expostas no corcho co comedor.
- Deberán supervisar o desenvolvemento correcto da comida con especial atención ao comportamento dos alumnos/as para cos seus compañeiros/as.
- Deberán comunicar á persoa encargada do comedor ou a dirección do centro calquera incidencia importante que detecten no servizo.
- Amosar un aspecto pulcro e coidado de xeito que sirva de modelo e reforzo positivo para os nenos/as.
- Deberán coidar a hixiene persoal e ademais empregarán luvas, mandil e gorro que serán proporcionados polo centro con cargo ao orzamento do propio comedor.
- Evitarán o trato de favor con nenos/as. Dado que algúns dos colaboradores/as son familia de alumnado, é conveniente, para evitar unha dependencia e cambio do comportamento dos mesmos, que non mostren unha atención preferente aos seus fillos/as, especialmente na etapa de Educación Infantil, posto que nestas idades, teñen menos autonomía e a conduta de apego aínda está bastante presente.
- Non se pode usar o móbil no tempo do servizo e este debe estar gardado e en silencio.
- Pasar lista diaria dos usuarios asistentes ao servizo, en todas as quendas.
- Axudar aos nenos/as que o precisen nas actividades de alimentación (picar a comida, servir alimentos, manexo da bandexa, vaciado dos restos de comida, abrir iogures, servirse auga...)
- Velar para que o comportamento do alumnado sexa correcto (non pegar, berra, empurrar...)
- Colaborar activamente no servizo no momento da comida.
- Cumprir co sinalado nos diferentes apartados deste protocolo.
- Cubrir un parte de incidencias para informar as familias se o seu fillo/a non comeu ou tivo un mal comportamento.

Os criterios de selección e requisitos para a selección do persoal colaborador do comedor teranse en conta os seguintes criterios:

- Deberán cumprir a normativa que impón a Consellería de Educación e o presente Protocolo de Funcionamento.
- Non ter chamadas de atención por parte da dirección do centro ou persoa encargada do comedor, sobre os seu comportamento ou actitude en anos anteriores como colaborador/a (faltas de respecto cara o alumnado ou outras persoas do servizo, falar asuntos internos fóra do centro, non respectar as dietas especiais do alumnado por afinidade cara a familias do mesmo...).
- Poderán ser colaboradores/as do comedor as nais, os pais ou titores legais do alumnado que sexa usuario lexítimo do comedor escolar por estar na área de influencia do centro ou por ser escolarizado no noso centro por medio dunha comisión de escolarización independentemente da renda ou do tipo de usuario (de gratuidade ou pagador).
- As persoas elexidas como colaboradores/as deberán achegara seguinte documentación:
  - DNI/NIE
  - Certificación acreditativa dunha entidade financeira onde dispoña de conta bancaria.
  - Acreditación de non ter sido condenado/a en sentenza firme por delitos sexuais.
  - Deberán presentar a documentación requirida á persoa encargada do comedor, nos primeiros días do servizo (mes de setembro).
- No momento en que algún dos colaboradores/as incumpra con calquera das funcións especificadas neste protocolo a dirección do centro en coordinación co persoa encargada do comedor, resérvase o dereito de prescindir dos seus servizos.
- Deberán asinar o ANEXO III no que declaran que fan constar o carácter voluntario e altruísta da súa labor, que realiza a título de colaboración social desinteresada, sen ningún tipo de relación contractual ou doutro tipo coa Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional e Universidades e pola cal percibe unha compensación económica polos gastos de dedicación e desprazamentos xerados pola súa colaboración. Esta compensación será por día de asistencia efectiva ao comedor, con independencia do número de quendas de comedor existentes e será abonada pola Consellería de maneira trimestral.
- Deberase avisar ao centro ou persoa encargada do comedor da non asistencia ao servizo

o antes posible para poder reorganizar as quendas e así estar o alumnado completamente atendido.

## 5.- MENÚS

O centro conta cun nutricionista para o deseño do menú escolar coas seguintes características: a variedade e o equilibrio nutricional, 1º prato, 2º prato, acompañamentos e sobremesas e a variedade nas técnicas de cocción, nas texturas, as cores e as presentación.

Os menús programaranse trimestralmente e estarán expostos no taboleiro da porta do comedor e páxina web do centro.

### 5.1.- Intolerancias e alerxías alimentarias

Para a atención do alumnado con algún tipo de alerxía ou intolerancia xustificada polo médico, seguirase a normativa vixente: o **artigo 17.2 do Decreto 132/2013 do 1 de agosto** establece que: *"O menú será único para todos os usuarios do comedor escolar, excepto nos casos de alumnos que padezan calquera tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante certificado médico"*.

*"O Consello Escolar de cada centro autorizará a que se sirvan menús adaptados ás súas necesidades ou, no seu caso, a que se lles faciliten os medios necesarios para a conservación e consumo de menús proporcionados polas familia"*.

Á vista do anterior, unicamente os usuarios con prescrición médica, teñen garantido un menú adaptado polo que o persoal de cociña, so nestes casos, terá a obriga de atendelos. Deberá ser comunicado ao centro, calquera cambio en dita intolerancia ou alerxia.

### 5.2.- Tratamento da comida sobrante:

O tratamento da comida que puidera sobrar no servizo de comedor, levarase a cabo acorde á normativa vixente, en colaboración cos servizos sociais do concello.

## 6.- OBXECTIVOS

O servizo de comedor forma parte das actividades de carácter educativo nas que o alumnado pode participar no centro escolar. Con este punto de partida merece un tratamento idéntico a calquera outra actividade que teña lugar no mesmo, sendo obxecto de aplicación expresa nas

Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

No emprego do servizo de comedor o alumnado mantén os mesmos dereitos e deberes que no resto de actividades.

### 6.1.- Obxectivos xerais

- Proporcionar ás familias un servizo complementario e mesmo imprescindible para conciliar os horarios dos seus fillos/as co seu horario laboral.
- Proporcionar ao alumnado unha dieta saudable e equilibrada.
- Concienciar ao alumnado da importancia da alimentación para o funcionamento do seu organismo e, polo tanto, para a súa saúde e a súa vida.
- Promover no alumnado a idea de que a comida é tamén un feito social que comporta normas de relación cos demais.
- Asentar actitudes de igualdade entre nenos/as á hora de realizar tarefas relacionadas co momento da comida.
- Promover e asentar a relación, o intercambio e a cooperación cos demais.

### 6.2.- Obxectivos para a hixiene e saúde:

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta educación para a saúde.
- Poñer en práctica normas hixiénicas e sanitarias estudadas nas aulas (lavar as mans antes de comer; utilizar a servilleta de mesa; non falar coa boca chea, usar os cubertos e ser coidadoso e ordenado). Promover o consumo de todos os alimentos (educar no gusto polos diferentes sabores).
- Manter posturas correctas na mesa.
- Desenvolver hábitos sobre o uso axeitado dos utensilios de comida.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.

### 6.3.- Obxectivos para a convivencia:

- Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara todos os membros da comunidade escolar.
- Lograr un comportamento correcto na mesa.
- Lograr un ambiente agradable evitando o exceso de ruídos.
- Coidar e respectar os locais, mobiliarios, aparellos e utensilios de uso común.
- Lograr que as entradas e saídas ao comedor sexan ordenadas.
- Valorar e respectar outro tipo de traballos (persoal colaborador, persoal de cociña...)

## 7.- NORMAS XERAIS DO COMEDOR ESCOLAR

O coidado e o respecto pola saúde é un dos valores fundamentais e prioritarios que se ten que marcar o noso centro.

O momento do comedor proporciona un horario moi aproveitable para crear hábitos e para traballar outros valores, ademais de contribuír á organización da vida familiar, que ofrece o centro e, como tal, debe marcarse uns obxectivos:

1. Promover e desenvolver hábitos alimentarios saudables.
  2. Garantir unha dieta que favoreza a saúde.
  3. Promover hábitos hixiénicos saudables.
  4. Desenvolver o compañeirismo, o respecto e a tolerancia.
  5. Conseguir un entorno físico e social saudable.
- O alumnado da ESO e Infantil sairán das clases por orde acompañados polo profesor/a correspondente ata a porta do comedor. O alumnado de Primaria formarán filas no patio antes de entrar ao comedor entrando por orde de lista.
  - Entrarán ordenadamente facendo unha fila para o autoservizo e dirixiranse á mesa que teñen asignada dende o principio do curso, así como unha cadeira fixa.
  - O alumnado permanecerán sentados levantándose para facer a devolución da menaxe só cando llelo permita a persoa colaboradora encargada da súa mesa. Non poden levantarse para repetir, levantarán a man e serán atendidos, servidos pola persoa colaboradora.

- O persoal colaborador atenderá ás necesidades dos usuarios e vixiará que o seu comportamento sexa o adecuado corrixíndoo cando sexa necesario.
- Non se pode subir ás aulas durante o recreo de comedor.
- alumnado permanecerán sentados levantándose só cando llelo permita a persoa colaboradora encargado da súa mesa.
- Comerase ou como mínimo probarase dos dous pratos, podendo repetir dos dous, sempre que se acabe o contido da bandexa.
- Durante o tempo de xantar o alumnado non deberá levantarse ao baño, a non ser por causa de indisposición urxente ou enfermidade crónica e sempre co permiso e a vixilancia dalgunha persoa colaboradora.
- Non se debe elevar o volume da voz.
- Non están permitidos actos que atenten contra os mínimos decoros ao xantar: sentarse incorrectamente, cuspir a comida, botárllela aos compañeiros, comer do prato dos compañeiro/as...
- Hai que respectar o material dos compañeiros/as así como o mobiliario e a menaxe do comedor.
- Calquera tipo de comportamento asocial (acción antihixiénicas, menosprezo, desobediencia, insulto, agresión física) contra os compañeiros/as, contra o persoal laboral e colaboradores/as será considerado como unha falta grave.
- Todo tipo de comportamento impropio será denunciado e sancionado no momento por parte do persoal colaborador, facendo comunicación escrita ou verbal a persoa encargada de comedor ou dirección.
- Ao rematar a comida cada alumno/a fará devolución da menaxe e das sobras da comida na zona de devolución e sairá ao patio ordenadamente acompañado polos colaboradores que lles corresponda.
- O alumnado non permanecerán nos corredores.
- As mesmas normas, tipos de faltas e sancións especificadas para o comedor son de aplicación no tempo de lecer do comedor.

TIPO DE FALTA	SANCIÓN	
Comportamento inadecuado Xantar	1ª vez	1 día realizando tarefas sociais no comedor e, si se considera oportuno apartalo do grupo.
	2ª vez	3 días realizando tarefas sociais no comedor e, si se considera oportuno apartalo do grupo.
	Reiteración na falta	Falta de orde, advertencia á familia e comunicación a comisión de convivencia.
	Persistencia na falta	Decidirá a comisión de convivencia, podendo determinar a expulsión do servizo por un tempo determinado.
Menosprezo, desobediencia e Insulto	1ª vez	1 semana realizando tarefas sociais no comedor e, si se considera oportuno apartalo do grupo.
	2ª vez	2 semanas realizando tarefas sociais no comedor e, si se considera oportuno apartalo do grupo.
	Reiteración na falta	Traslado a comisión de convivencia a proposta de expulsión temporal do servizo de comedor.
Agresión física	1ª vez	Traslado a comisión de convivencia que decidirá a sanción a aplicar.
	Reiteración na falta	Traslado a comisión de convivencia que decidirá a sanción a aplicar.

- O alumnado alérxico ou intolerante a alimentos, tal e como se especificou anteriormente, deberán presentar un informe médico.
- Incidirase na correcta alimentación, facendo fincapé en que os alumnado proben de todos os pratos, non soamente os que lles gusta.
- Non se pode sacar nin meter comida no comedor escolar.
- Non está permitido subir os balóns empregados para tempos de lecer ás aulas, deberán quedar na conserxería.
- O trato entre colaboradores e persoal de cociña debe ser sempre correcto e respectuoso, así coma cara o alumnado.
- Os colaboradores/as non poden poñer partes de amoestación, polo tanto calquera incidencia, falta de orden e disciplina será comunicada a persoa encargada do comedor ou a dirección do centro, que establecerán as medidas de corrección e sancións axeitadas.

Sí poderán aplicar amonestacións verbais; e se o consideran necesario, dispoñen no comedor dun parte de incidencias para recoller as mesmas, e que será revisado periodicamente pola persoa encargada de comedor, servindo de canle de comunicación e rexistro.

- Cando se produza un accidente no tempo de lecer do comedor, a persoa colaboradora, dará os primeiros auxilios e avisarán de inmediato persoa encargada do comedor ou a dirección do centro.

## 7.1.- Normas específicas do comedor escolar

### O alumnado:

- Baixarán en orde pola escaleira acompañados polo profesor correspondente.
- Non se pode correr.
- Entrar no comedor cedendo o posto ao alumnado máis pequeno.
- Gardar a orde na fila.
- Coller a bandexa, cubertos e vaso con orden para ser servido polo persoal de cociña.
- Cada alumno/a terá o seu sitio asignado dende principio de curso.
- Non se poden levantar sen permiso.
- Para repetir un prato hai que ter rematados os dous que lle serviron.
- Unha vez dentro do comedor, de ter necesidade de ir ao baño, débese ter permiso da persoa colaboradora asignada a cada mesa.
- Non se pode abandonar o comedor sen permiso.
- Deixase a mesa limpa e as cadeiras recollidas.
- Devólvese a bandexa, cubertos e vaso nos carros dispostos para tal fin e sáese sen correr.
- Non se pode sacar nin meter comida no comedor escolar.
- Non está permitido subir os balóns empregados para tempos de lecer ás aulas, deberán quedar na conserxería.
- Nos baños do corredor de comedor non pode haber máis de catro persoas ao mesmo tempo.
- O trato cara os colaboradores e persoal de cociña debe ser sempre correcto e respectuoso.
- Calquera incidencia do alumnado con outros compañeiros/as, colaboradores ou persoal de cociña será comunicada a persoa encargada do comedor ou dirección do centro.

As familias:

- Revisando os menús cos seus fillos/as e motivándoos para ter unha actitude positiva ante a comida.
- Reforzando na casa as actitudes que se traballan no comedor en canto a hixiene, alimentación e comportamento.
- Informando de calquera incidencia que poida afectar ao seu fillo/a no tempo de comedor.
- Informando a persoa encargada do comedor de calquera alteración na asistencia ao comedor do seu fillo/a.
- Aportando as certificacións médicas, en caso de intolerancias ou alerxias alimentarias.

## 8.- ACTIVIDADES NO TEMPO DO COMEDOR

8.1.- Antes de xantar:

- **Alumnado de Educación Infantil:** a entrada do comedor, arriba indicado, este será acompañado pola mestra da última sesión da mañá ata a porta do comedor, gardando un orde.
- **Alumnado de Educación Primaria:** baixarán ordenadamente ata o patio norte para facer filas e entrar no comedor por quendas, chamados polo profesorado de garda de transporte.
- **Alumnado de Educación Secundaria:** baixará acompañado polo profesorado da última sesión ata a entrada do comedor.

O persoal colaborador estará encargado de acompañar ao alumnado nos desprazamentos e dentro do comedor, para atendelo no momento da comida e despois de xantar no tempo de lecer.

8.2.- Despois de xantar:

- As persoas colaboradoras controlarán a saída do alumnado do comedor de forma ordenada.
- Para o tempo de lecer, o alumnado poderá estar no patio ou acudir a biblioteca do centro.
- Hai un turno de quendas no comedor para o uso da pista e herba, a cal debe ser respetada en todo momento.
- Se chove ou está moi mollada, non pode ser usada.
- Sinalar que o tempo de lecer de Primaria coincide co horario lectivo da ESO (1ª sesión da xornada da tarde), polo que primará este horario no uso da biblioteca.

## 9.- PAGAMENTOS DOS PREZOS PÚBLICOS (punto 6.2.6 Instrución 2/2023):

9.1.- Pagamento dos prezos públicos e das tarifas dos comedores escolares xestionados pola consellería competente en materia de educación.

- Os usuarios deberán facer o pagamento mensual dos prezos públicos entre **o día 1 e 20 do mes seguinte** ao da prestación do servizo,
- Os usuarios deberán comunicarlle obrigatoriamente ao centro de ensino os días que non van a facer uso do comedor escolar **antes das 9:45 h** de cada día, para así non ter que abonados.
- Entenderanse notificadas as liquidacións dos prezos públicos coa posta a disposición dos obrigados tributarios, nos cinco primeiros días naturais de cada mes, dos impresos de pagamento nos que constarán os elementos esenciais das cantidades a abonar.
- En xeral, o pagamento dos prezos públicos poderase efectuar:
  - o Nas entidades de depósito autorizadas pola Consellería de Facenda, mediante os correspondentes impresos de pagamento; conservando o xustificante do "pagamento para o interesado" e presentando nos centros, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes de "pagamento para a Administración" debidamente validados polas entidades de cobro.
    - A través do Espazo Abalar.
    - A través da oficina virtual tributaria.
- A falta de aboamento total ou parcial do importe do servizo por parte dos usuarios, será causa de perda da praza de comedor por acordo do Consello Escolar do centro correspondente.
- O incumprimento no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para o cal contarase cun prazo máximo de dous meses.

### 9.2.- Concepto de unidade familiar e renda familiar anual neta per cápita (art. 16)

1. Para os efectos deste decreto o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.
2. Para os efectos do acceso á gratuidade e ás bonificacións do comedor escolar, así como para a fixación das cantidades que se deben aboar en concepto de prezos públicos e das tarifas do

comedor escolar, a renda familiar anual neta *per cápita* obterase por agregación das rendas, correspondentes ao exercicio fiscal anterior ao ano natural en que dea comezo o curso escolar, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas do xeito seguinte:

**Primeiro.** Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes aos exercicios anteriores.

**Segundo.** Deste resultado restarase a cota líquida resultante da *autoliquidación*.

**Terceiro.** Para a determinación da renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non tivesen obriga de presentar declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, seguirase o procedemento descrito no punto primeiro anterior e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

**Cuarto.** Finalmente, o importe obtido dividirase entre o número de membros que compoñen a unidade familiar.

## **10.- PLAN ANUAL DO COMEDOR PARA O CURSO**

**23/24**

ALUMNADO:

- Infantil: 37 alumnos/as comensais.
- Primaria: 74 alumnos/as comensais.
- ESO: 53 alumnos/as comensais

CURSO		Gratuidade total	Sen gratuidade	Totais
Ed. Infantil	4º Ed. Infantil	9	6	15
	5º Ed. Infantil	7	1	8
	6º Ed. Infantil	12	2	14
Ed. Primaria	1º Ed. Primaria	9	3	12
	2º Ed. Primaria	12	1	13
	3º Ed. Primaria	14	2	16
	4º Ed. Primaria	7	3	10
	5º Ed. Primaria	11	2	13
	6º Ed. Primaria	9	1	10
Ed. Secundaria	1º. ESO	16	3	19
	2º. ESO	17	3	20
	3º. ESO	7	1	8
	4º. ESO	6	0	6
<b>TOTAL</b>		136	28	164

## ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

O comedor escolar funcionará dende o día 11 de setembro de 2023 ata o de 21 xuño de 2024 segundo o Calendario Escolar para o curso 2023-2024 e coas excepcións dos días non lectivos.

## DISTRIBUCIÓN EN ZONAS

O comedor está distribuído en mesas fixas onde cada curso terá unha mesa e o alumnado unha cadeira fixa para todo o curso. Soamente se poderán cambiar con permiso dunha colaboradora (.avisando previamente á persoa encargada do comedor) ou encargada do comedor, sendo sempre unha causa xustificada (condutas disruptivas)

## DURANTE O TURNO DE COMIDAS

As consignas a seguir son as seguintes:

- O alumnado **sen axuda** collerá a bandexa e cubertos para ser servidos polo persoal de

cociña para logo acudir á súa mesa.

- O **pan, voluntario**, será ofrecido ao alumnado no momento do servizo por persoal de cociña, un anaco para Primaria e dous para a ESO. Se o alumnado come os dous pratos, poderá repetir outro anaco de pan. O pan, unha vez collido, debe ser comido na súa totalidade.
- Preguntaráselles se queren moito ou pouco e eles e elas ben saben que teñen que probar de todo (**sempre un pouquiño de todo**).
- Unha vez que remate de comer, co permiso da persoa colaboradora, achegaranse ata o punto de vaciado para tirar os resto de comida.
- A sobremesa é optativa.
- Ao rematar de comer, por quendas rotatorias, cada curso debe limpar a súa mesa.
- Deben **subir cada un/unha a súa cadeira** á mesa para facilitar a limpeza das instalacións. O alumnado máis pequeno poderá ter axuda pero sempre intentadoo el mesmo/a.
- **Lembrar que non se pode subir as aulas tras a comida.**

O alumnado de Infantil e Primaria usuario do servizo de comedor, poderá ser recollido pola súa familia ou persoas autorizadas ás 15:30 h ou quedar ata ás 16:15 h custodiado polo profesorado de garda de tarde. O alumnado non usuario do comedor non poderá estar no tempo de lecer durante a duración do mesmo.

**Protocolo aprobado polo Consello Escolar do CPI P. Dr. López Suárez de Escairón con data do 11 de marzo de 2024.**